



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Deseño Software	Código	614G01015	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputación			
Coordinación	Mosqueira Rey, Eduardo	Correo electrónico	eduardo.mosqueira@udc.es	
Profesorado	, Alonso Ríos, David Monroy Camafreita, Juan Morán Fernández, Laura Mosqueira Rey, Eduardo Pérez Sánchez, Beatriz	Correo electrónico	brais.cancela@udc.es david.alonso@udc.es juan.monroy@udc.es laura.moranf@udc.es eduardo.mosqueira@udc.es beatriz.perezs@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O Deseño Software é unha fase chave dentro do ciclo de vida do software que establece a ligazón entre os requisitos dun sistema e a súa posterior implementación. O deseño máis habitual hoxe en día é o deseño baseado na orientación a obxectos, que consiste en desenvolver un programa en base a obxectos que intercambian mensaxes.</p> <p>Esta materia introducirá ao alumnado nos elementos e propiedades básicas da orientación a obxectos usando unha linguaxe orientada a obxectos como Java. Aprenderase tamén a como reflectir os artefactos propios do deseño nunha linguaxe de modelado coma a Linguaxe Unificada de Modelado (UML).</p> <p>Finalmente presentaranse aqueles principios básicos que representan un bo deseño e aprenderase a identificar aqueles problemas típicos de deseño e as súas solucións máis comúns representadas como patróns de deseño.</p>			



## Plan de continxencia

### 1. Modificacións nos contidos

Non se realizarán cambios.

### 2. Metodoloxías

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

- Aínda que se manteñen as metodoloxías docentes de Sesión maxistral, Prácticas de laboratorio e Seminarios a forma de impartilas cambia tal e como se detalla no seguinte apartado.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

- Sesión maxistral. Un grupo xa se impartía de forma telemática. En caso de ter que impartir todos de forma non presencial o que se fará será gravar as sesións de teoría e utilizar o horario de clases para resolver dúbidas e realizar exercicios.

- Prácticas de laboratorio. Pasarán a impartirse de forma telemática. No horario destinado ás clases o profesor atenderá as dúbidas e resolverá os problemas dos alumnos.

- Seminarios. Deixarase gravada a explicación do profesor e aproveitarase o horario destinado ás clases para resolver dúbidas e problemas dos alumnos.

### 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

- Usarase Teams para as titorías tanto de forma síncrona (videoconferencias) como asíncrona (chat) respectando os horarios designados para as titorías.

- Usarase Moodle para comunicar anuncios importantes sobre a materia impartida.

### 4. Modificacións na avaliación

\*Observacións de avaliación:

A avaliación, no caso de que se poida realizar unha avaliación presencial constará das seguintes porcentaxes que se adecúan á memoria do grao:

- Proba obxectiva: 60% (nota mínima de 4)

- Prácticas de laboratorio: 40%

En caso de non poder realizar unha avaliación presencial rebaixarase o peso da proba obxectiva seguindo as recomendacións do reitorado e eliminarase a nota mínima.

- Proba obxectiva non presencial: 40% (sen nota mínima de 4)

- Prácticas de laboratorio: 60%

A proba obxectiva non presencial será unha práctica (preferentemente) ou un tipo test se non se desen as condicións adecuadas para realizar dita práctica.



5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo de maneira dixitalizada en Moodle.



## Competencias do título

Código	Competencias do título
--------	------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	A7	B3	C3
Identificar o deseño software como unha das fases do ciclo de vida do software	A13 A14	B4	
Coñecer os principios e propiedades básicas da orientación a obxectos	A7 A13 A14	B1 B2 B3 B4	C3 C6
Plasmar un deseño software utilizando os artefactos propios dunha linguaxe de modelado coma UML	A7 A13 A14	B1 B2 B3 B4	C3 C6
Coñecer os principios básicos que representan un bo deseño software	A7 A13 A14	B1 B2 B3 B4	C3 C6
Identificar problemas típicos de deseño e as súas solucións máis comúns	A7 A13 A14	B1 B2 B3 B4	C3 C6
Usar un deseño como guía para a implementación do software	A7 A13 A14	B1 B2 B3 B4	C3 C6
Aprender unha linguaxe orientada a obxectos e aspectos relacionados (IDE, probas, repositorios, etc.)	A13	B1 B2 B3 B4	C3 C6

## Contidos

Temas	Subtemas
1. Introducción	? Deseño software ? Analise e deseño orientado a obxectos
2. Elementos Básicos da Orientación a Obxectos	? Clases e obxectos ? Identidade de obxectos ? Estado de obxectos ? Comportamento de obxectos
3. Características Básicas da Orientación a Obxectos	? Abstracción e encapsulamento ? Modularidade ? Xerarquía ? Polimorfismo ? Tipificación ? Ligadura Dinámica



4. Linguaxe Unificada de Modelado (UML)	<ul style="list-style-type: none"> <li>? Introducción</li> <li>? Bloques básicos do UML</li> <li>? Deseño estático: Diagramas de clases</li> <li>? Deseño dinámico: Diagramas de interacción</li> <li>? Outros diagramas</li> </ul>
5. Principios de Deseño	<ul style="list-style-type: none"> <li>? Calidade no deseño</li> <li>? Principios SOLID</li> <li>? Tipos de herdanza</li> </ul>
6. Patróns de Deseño	<ul style="list-style-type: none"> <li>? Introducción aos patróns de deseño</li> <li>? Patróns elementais</li> <li>? Deseños adaptables aos cambios</li> <li>? Patróns e coleccións de obxectos</li> <li>? Deseños débilmente acoplados</li> <li>? Outros patróns e principios</li> </ul>
Prácticas	<ul style="list-style-type: none"> <li>? Introducción a Java</li> <li>? Excepcións en Java</li> <li>? Probas de software</li> <li>? Repositorios de código</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A7 A13 A14 B1 B3 C6	30	45	75
Prácticas de laboratorio	A7 A13 A14 B1 B2 B3 B4 C3 C6	20	30	50
Seminario	A7 A13 A14 B1 B2 B3 B4 C3 C6	10	10	20
Proba obxectiva	A7 A13 A14 B1 B3 C6	3	0	3
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clases expositivas de presentación dos coñecementos teóricos empregando diferentes recursos: pizarra, proxección de material en formato electrónico, apuntes en formato electrónico e os recursos facilitados polo profesorado da asignatura no Campus Virtual da UDC.
Prácticas de laboratorio	Prácticas baseadas nos coñecementos que cada estudante vai adquirindo nas clases teóricas. Estes traballos serán desenvolvidos preferiblemente en grupo. Empregarase unha ferramenta de modelado para construír os artefactos de deseño e aplicarase unha linguaxe orientada a obxectos (Java) para realizar a implementación dos mesmos.
Seminario	Seminarios nos que se realizarán actividades relacionadas cos coñecementos adquiridos en teoría ou práctica
Proba obxectiva	Proba escrita mediante a que se valoran os coñecementos adquiridos polo estudiantado. Cada estudante deberá aplicar tanto os seus coñecementos tanto a nivel teórico coma a nivel práctico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Prácticas de laboratorio Seminario	<p>A atención personalizada ao estudantado comprende non só as titorías, presenciais ou virtuais, para a discusión de dúbidas, senón tamén as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguemento do labor realizado nas prácticas de laboratorio propostas polo profesorado.</li> <li>- Avaliación dos resultados obtidos nas prácticas, participación en seminarios realizados por cada estudante.</li> <li>- Encontros personalizados para resolver dúbidas sobre os contidos da asignatura.</li> </ul>
---------------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A7 A13 A14 B1 B2 B3 B4 C3 C6	<p>Realización de exercicios prácticos baseados na programación en Java, na orientación a obxectos, o deseño de probas, a linguaxe de modelado UML e o uso de principios e patróns de deseño.</p> <p>Prácticas copiadas serán anuladas, tanto o orixinal como a copia, e poderán supor un cero na nota global da práctica en cuestión.</p>	40
Seminario	A7 A13 A14 B1 B2 B3 B4 C3 C6	<p>Os seminarios son sesións de carácter práctico dirixidas polo profesorado nas que se comentan aspectos útiles relacionados coas prácticas.</p> <p>Os seminarios non inclúen a entrega de traballos por parte do alumnado, polo que non é unha actividade avaliable.</p>	0
Proba obxectiva	A7 A13 A14 B1 B3 C6	<p>Proba escrita realizada ao final do curso sobre contidos teórico-prácticos.</p> <p>A proba obxectiva é obrigatoria para aprobar a materia e tamén é obrigatoria obter unha nota mínima de 4 sobre 10 para poder facer media cos outros elementos avaliábeis.</p>	60

Observacións avaliación
<p>En caso de non chegar á nota mínima na proba obxectiva, en calquera das oportunidades, implicará que non se poida obter máis dun 4,5 na nota final da materia.</p> <p>Aspectos a ter en conta para a avaliación de segunda oportunidade (xullo):</p> <p>A nota das prácticas de laboratorio serán as obtidas na primeira oportunidade (non haberá entrega de prácticas na segunda oportunidade). Aspectos a ter en conta en caso de matrícula a tempo parcial:</p> <p>Elimínase a obrigatoriedade de asistir as actividades nas que se poida esixir presencialidade.</p>

Fontes de información	
<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sierra, K., Bates, B. (2005). Head First Java. O'Reilly</li> <li>- Schildt, H. (2018). Java 9. Anaya Multimedia</li> <li>- Booch J.; Rumbaugh J. y Jacobson I. (2006). El Lenguaje Unificado de Modelado (2ª ed.) The Unified Modeling Language (2nd ed.). Addison Wesley</li> <li>- Martin, R.C. (2004). UML para programadores Java. UML for Java Programmers. Pearson</li> <li>- Gamma, E.; Helm, R.; Johnson, R. y Vlissides J. (1996). Design Patterns: Elements of Reusable Object-oriented Software.. Addison Wesley</li> </ul>



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Eckel, B. (2007). Piensa en Java (4ª ed.). Thinking in Java (4th ed.). Prentice-Hall</li><li>- Rumbaugh, J.; Jacobson, I. y Booch, J. (2004). The Unified Modeling Language Reference Manual. Addison Wesley</li><li>- Bloch, J. (2017). Effective Java (3rd ed.). Addison Wesley</li><li>- Martin, R.C. (2012). Código limpio : manual de estilo para el desarrollo ágil de software. Anaya Multimedia</li><li>- Freeman, E., Freeman, E., Bates, B. (2004). Head First Design Patterns. O'Reilly</li><li>- Grand M. (2002). Patterns in Java. John Wiley &amp; Sons</li></ul>
------------------------------------	---

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Programación I/614G01001  
Programación II/614G01006

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Paradigmas de Programación/614G01014

### Materias que continúan o temario

Proceso Software/614G01019  
Interfaces Home Máquina/614G01022  
Internet e sistemas distribuidos/614G01023

## Observacións

A materia asume que o alumnado sabe programar e coñece as estruturas de datos (Programación II) aínda que nunca utilizaron unha linguaxe orientada a obxectos. Ao principio do curso, e segundo vanse introducindo os conceptos propios da orientación a obxectos, o alumnado familiarízase cos aspectos básicos da linguaxe de programación Java.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías